



## Acta do Xurado Vilas en Flor Galicia 2025

O día 3 de novembro, reunidos os membros do xurado na sede da Fundación Juana de Vega, sita en Oleiros, expuxéronse as valoracións e comentarios resultantes das visitas realizadas aos diferentes concellos durante o mes de outubro do ano en curso.

O xurado formado por

Manuel Rodilla del Barrio, María Isabel Iglesias Díaz, Carlos Javier Cárcamo Álvarez, Xurxo Xoan Gonzalez Conde, Domingos Manuel Méndez López, Francisco Javier González Abuín, Camino Nicolás Velado, , José Antonio Rivas Paz, Silvia V. Caffaro, Amancio Lavandeira, Ana García Giraut, Gaspar Bernardez Villegas, Manuel Fontán Espiño y Jorge Prieto Sevilla, tras as deliberacións oportunas, acordou o seguinte:



### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE MONDARIZ**

O concello de Mondariz posúe unha aceptable presenza de xardíns no centro urbano, ben coidados e con diversidade de especies.

Destaca o esforzo económico realizado co fin de tentar conservar as súas palmeiras máis vellas con tratamentos contra o picudo vermello. Poñer en valor tamén iniciativas como a de proporcionar aos veciños do centro urbano xardineiras para adornar os seus balcóns e galerías. Posúe varias praias fluviais con áreas recreativas moi ben dotadas de infraestruturas e boa conservación. Así mesmo, o espazo deportivo para práctica de Skate ou pomp truck, entre outros, achegan unha zona de alto valor deportivo ao centro urbano, incrementado coas novas zonas de estar ben vexetadas e o miradoiro sobre o val. Destacar os investimentos realizados para a incorporación de iluminación led nas instalacións deportivas e centro urbano.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE MOS**

Os espazos verdes do concello de Mos están distribuídos por todo o municipio, dadas as características do territorio atópanse inconexos entre eles aínda que están ben coidados e posúen variedade de especies. Sobresae a zona verde da contorna do Pazo de Mos, cuns xardíns ben coidados e con variedade tanto de especies arbustivas como arbóreas, e tamén o rueiro contiguo ao pazo. Ademais, destaca a boa intervención xardineira realizada na zona traseira do actual concello, así como o bo estado de conservación das súas múltiples rotondas. Presenza de percorridos de sendeirismo ao longo do municipio, onde destaca especialmente a do Rio Louro, con presenza de distintivo de Sendeiro Azul, onde coexisten zonas de xogo infantís e xogos de auga



nunha contorna natural Dispoñen dun plan de compostaxe en domicilios con repartición de composteiros.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE A ESTRADA**

Destaca a promoción dos espazos naturais deste concello, que conta cunha interesante rede de sendas que convidan ao goce de montes, ríos e ribeiras. Conta cun espazo natural declarado Lugar de Interese Paisaxístico: As Fervenzas de Curantes.

Dentro do centro urbano destacan as zonas verdes e axardinadas repartidas polas prazas da vila e nos seus arredores. Propoñemos recoñecer o labor do Concello da Estrada con 1 Flor de Honra e animámolo a continuar traballando para incrementar o valor dos seus xardíns, parques e zonas verdes.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES**

Analizamos as zonas verdes de Trives, de 1968 habitantes. . O municipio de Trives, oficialmente A Pobra de Trives, atópase na provincia de Ourense, Galicia, e é a capital da súa comarca. Caracterízase pola súa paisaxe montañosa, a presenza de castros e pegadas romanas, como o paso da Vía Nova. Destaca polo seu patrimonio histórico e arquitectónico, que conserva un aire señorial do seu pasado como lugar de reunión da nobreza, e ofrece atractivos turísticos como a estación de esquí de Manzaneda.



### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE PONTECESO**

Concello de 5.000 habitantes na comarca de Bergantiños non inicio da costa da Morte. Presenta un enclave privilexiado ao confluír o estuario do Anllóns coa ría de Corme e Laxe.

Están a amañar o paseo fluvial do Anllóns aínda que se atopa na súa fase inicial. A zona coñecida como “Malecón” está bastante ben conservada cun aceptable nivel de mantemento, presenta rega por aspersion nas zonas nobres.

Os residuos vexetais son triturados e reutilizados nas zonas verdes. É importante sinalar o piñeirial da Praia de Balarés e o núcleo de Corme. A veira costeira ten un interese turístico de primeiro nivel con arenais cuase virxes.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE AS NEVES**

As Neves, atópase nun fermoso emprazamento, enclave natural do interior de Galicia. Presenta unha aceptable conservación dos espazos verdes, para os escasos recursos humanos dos que dispón.

As xardineiras do centro urbano atópanse ben mantidas e con variedade de especies. Sorpréndennos este ano gratamente, coa creación de hortos de permacultura con boas ideas e deseños atractivos, realizados nos colexios coa participación activa dos nenos, incorporando desta forma aos máis pequenos na conservación dos recursos naturais da súa contorna máis próximos. Nestes mesmos lugares fomentan a compostaxe e os produtos colleitados son incorporados nos comedores escolares.



### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE CULLEREDO**

Concédesse unha flor porque este concello segue coas mesmas directrices marcadas en anos anteriores e ten o propósito de desenvolver proxectos de mellora a curto prazo.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE SAN XOAN DE RÍO**

Vila de 518 habitantes non oriente ourensán con marcada actividade agraria. Atravesa o concello o río Arenteiro e marcan o protagonismo da vila o paseo fluvial e O Parque, gran zona verde de 35 ha que alberga todos os eventos da vida comunitaria.

O Concello busca financiamento en programas comunitarios. O Castiñeiro é un núcleo singular de vivendas non que se empraza unha magnífica árbore: O Pradairo, exemplar susceptible de seren candidato a Arbore Senlleira.

Miradoiros e rotas de sendeirismo crean infraestruturas de posta en valor da Paisaxe para ter en conta.

### **CONCEDER 1 FLOR AO CONCELLO DE COVELO**

O concello de Covelo afortunadamente está densamente poboado de árbores de especies frondosas. É de poñer en valor, a implicación veciñal no coidado das zonas verdes, colaborando activamente no seu mantemento.

Valorar positivamente as xardineiras do centro urbano que se atopan ben mantidas e con variedade de especies ornamentais.

É importante a implicación municipal nas rutas con guía, creadas para dar a coñecer os espazos naturais e etnográficos dos que gozan. Destaca o Serradoiro dos



Camanos, un dos dous únicos serradoiros de auga aínda presentes na península Ibérica, perfectamente rehabilitado onde destaca o enclave natural no que se atopa. Realizan unha correcta reutilización dos residuos, fan compostaxe e ademais levan a cabo triturado dos restos vexetais.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE CURTIS**

O concello de Curtis con 4.390 habitantes e 140 núcleos de poboación, ten unha superficie de zonas verdes públicas, que supoñen unha media de 15 a 20 m<sup>2</sup> por habitante, dedicando unha parte importante do seu presuposto ao seu mantemento. Goza ademais dun magnífico patrimonio natural para desfrutar.

Destacamos as actuacións do concello nas rutas de sendeirismo do río Mandeo (cunha lonxitude de 2.200 m), río Mendo (960 metros), o acondicionamento do percorrido de sendeirismo no núcleo de Teixeira (río do Carregal - Deo) cunha lonxitude de 1.080 m, así como a senda peonil de Fonte Cavada non núcleo de Curtis. Neste mesmo núcleo mantense unha fermosa carballeira que se atopa en moi bo estado de conservación.

Levouse acabo unha plantación de frondosas nunha parcela municipal en colaboración coa asociación Amicos. Como ampliación de zonas verdes dicir que foi adquirida unha parcela de 15.775 m<sup>2</sup> con vivenda indiana no núcleo de Curtis, a cal estase a rematar a súa rehabilitación integral. O concello dispón tamén de unha importante zona verde no polígono industrial de Curtis-Teixeiro na que seguen a acometerse traballos de plantación de árbores autóctonas para a mellora ambiental e paisaxística da zona. En canto ao aforro enerxético, conseguiron reducir o gasto nun 40% co sistema led en toda a rede, e dispoñen tamén de vehículos eléctricos.

O concello é tamén activo na elaboración de diferentes talleres medio ambientais e culturais nos centros educativos.



## CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE A GUARDA

O Concello da A Guarda sitúase nun enclave natural privilexiado, onde conflúen o río Miño e o océano Atlántico, configurando unha paisaxe única e de gran valor ambiental. A desembocadura do Miño e o Monte de Santa Trega constitúen dous dos espazos máis emblemáticos do concello, tanto polo seu interese natural como polo seu patrimonio histórico e arqueolóxico. Desde o cumio do monte pódese gozar dunha panorámica excepcional do estuario e da veciña Portugal, ademais de visitar o coñecido castro galaico-romano de Santa Trega, un dos máis importantes do noroeste peninsular.

A diversidade de ecosistemas do concello é notable, con áreas costeiras, fluviais, forestais e agrícolas que acollen unha gran variedade de flora e fauna. Para a súa posta en valor e disfrute, A Guarda dispón dunha ampla rede de sendas e miradoiros, entre os que destacan as rutas do litoral e os percorridos que conducen ao Espazo Natural do Estuario do Miño, espazo protexido de gran valor ornitolóxico e ecolóxico.

A vila forma parte tamén do Camiño Portugués pola Costa, unha das rutas oficiais do Camiño de Santiago, que percorre o litoral galego e contribúe á dinamización do turismo sostible e á promoción do patrimonio natural e cultural da zona.

No casco urbano, A Guarda destaca pola presenza de numerosos parques, xardíns e espazos verdes, que melloran a calidade ambiental e ofrecen zonas de lecer para a veciñanza. Cómpre salientar a posta en marcha do Camiño Escolar Seguro do CEIP Manuel Rodríguez Sinde, iniciativa que promove a mobilidade sostible e segura do alumnado, así como as melloras nas xardineiras e zonas verdes do centro urbano.

En materia de xestión de residuos, o concello habilitou un Punto Verde municipal, destinado á recollida de restos de poda. Estes materiais son posteriormente triturados, e



os veciños poden retiralos para compostar e reutilizar nas súas hortas e xardíns, fomentando así a economía circular e a redución de residuos orgánicos. Tamén está a repartir composteiros entre a veciñanza..

A Guarda tamén destaca pola implicación das novas xeracións en programas de educación ambiental, reforestación e conservación do medio. Tamén mantén unha estreita colaboración con asociacións locais en proxectos de sensibilización ambiental, de control de especies invasoras e de preservación da biodiversidade, consolidando unha xestión participativa e sostible do seu patrimonio natural.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE MARÍN**

O concello de Marín, participa por segundo ano no certame de Vilas en flor, cunha aposta firme de continuidade nos traballos de transformación da infraestrutura verde iniciados con anterioridade.

A eliminación de espazos destinados para os vehículos, combinados coa creación de pequenos espazos verdes interconectados entre si na Avenida de Ourense, proseguen coa liña dos traballos iniciados hai uns anos, onde a combinación de especies vexetais e a súa continuidade exerce de fío condutor ata os xardíns da alameda e o porto. Neste espazo de converxencia, a próxima finalización das obras do auditorio, onde se crearán novas zonas verdes e proverase de espazos para o goce das persoas, así como a conexión da devandita zona coa recentemente creada piscina portuaria, avanzará na mesma dirección por medio da incorporación de árbores e vexetación e a eliminación de zonas duras impermeables.

Proseguen coa creación e incorporación de pequenos espazos verdes nas rúas do centro urbano, onde o formigón e os vehículos apropiábanse de todo o espazo,



mellorando substancialmente a paisaxe urbana e onde a vexetación se atopa moi ben coidada.

Destacan os percorridos de sendeirismo como a dos cinco miradoiros, a ruta das praias ou a que nos leva ata o centro de interpretación de petróglifos na praia de Mogor.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE MANZANEDA**

Concello de 798 habitantes porén de 116,4 km<sup>2</sup>

Manzaneda amosa interese natural como transición entre o mundo eurosiberiano e mediterráneo, cun marcado carácter montañoso, con máis do 96% da súa superficie (11.030 htas) declarado Zona de Especial Conservación (ZEC Macizo Central) integrado na Rede Natura 2000, con hábitats prioritarios, formacións árboreas singulares tales como monumento natural Souto de Rozavales, co castiñeiro de Pumbariños de máis de 1000 anos de antigüidade.

Manzaneda adoita interese polos seus hábitats entre os que destacan,;

- Uces e queirogales atlánticos (*Erica* sp.) Pateiros naturais de montaña (*Festuca* sp) ,Turberas naturais así como\*- Zonas rochosas e vexetación asociada, con As Aguiladas, ou Glaciar das Lamas, a Lagoa Grande e Pequena, onde se poden observar perfectamente os efectos do glaciario, con vales glaciares de entre de mais de 10.000 anos

- Masas de frondosas autóctonas con carballos e castiñeiros centenarios

O ano en curso os incendios asolaron o municipio en mais de mil hectáreas polo que no ano vindeiro non será posible ver amas de cores que carqueixas, uzes ou cerdeiras pintaban na base e cumios dos montes deste Concello.



## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE CUNTIS**

O municipio de Cuntis, situado na provincia de Pontevedra, é un lugar que combina un rico patrimonio arqueolóxico con valiosos espazos naturais. Cuntis ocupa algo máis de 79 km<sup>2</sup> e conta con ao redor de 5.000 habitantes distribuídos en varias parroquias. Situado na comarca de Caldas, atópase rodeado de montes e vales que conforman unha contorna de gran valor paisaxístico apreciable desde espectaculares miradoiros como o de Castrolandín.

As súas augas termais, sulfuradas, sódicas, fluoradas, silicatadas e litínicas, que brotan a temperaturas que oscilan entre 17 °C e os 64 °C, son a base do seu enorme potencial como vila termal.

Como conclusión da visita do xurado de Vilas en Flor 2025, valóranse os coidados xardíns da antiga reitoral, a colección de camelias que adorna o cemiterio municipal e o impulso que está a dar o concello ao transporte sostible coa colocación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Propoñemos recoñecer o labor do Concello de Cuntis con 2 Flores de Honra e animámolo a continuar traballando en materia de axardinamento, medioambiente e mellora da calidade de vida dos seus habitantes.



## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE LEIRO**

Pequeno concello de 1.500 habitantes atravesado polo Avia, na comarca do Ribeiro, con marcado acento viticultor. Destaca polos seus valores ambientais, definidos pola paisaxe vitivinícola do val do Avia e a biodiversidade asociada a terrazas de cultivo e bosques de ribeira.

O macizo de Pena Corneira, co seu singular modelado granítico, ofrece un miradoiro excepcional e unha área recreativa ben integrada.

O río Avia actúa como corredor ecolóxico e conta cunha praia fluvial de uso sostible. O Paseo fluvial está ben conservado, acaban de renovar a iluminación con novos focos led. Está rematado o parque “O Salgueiral” a beira do Avia con dotacións de xogos infantís e biosaudábeis. Ademais, mantén en boas condicións o miradoiro e parque forestal de Pena Corneira.

Súmanse a área o Regacho de Foxón, de notable interese natural, e o singular conxunto de Paredes —30 hórreos, 6 muíños e un lavadoiro— que xunto coa igrexa románica de Santo Tomei de Serantes, destacan o rico patrimonio deste municipio da comarca do Ribeiro.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE SARRIA**

Concello enclavado no entorno do río Sarria, lugar de paso dos peregrinos do Camiño de Santiago na súa vertente do Camiño Francés, que posúe un casco antigo interesante.

No entorno do Concello acertaron coa resolución dunha parede (de grande impacto), creando un xardín vertical combinando madeira e plantas artificiais, complementando dende a base con hedras naturais para conseguir cubrir no seu



crecemento parte do muro vertical. Ademais complementan o entorno cunhas xardineiras forradas en madeira. Todo feito con medios propios mediante escolas taller.

Están pendentes da remodelación da Praza da Vila con presuposto pendente de aprobación. Aquí farase una importante actuación aumentando a masa vexetal, respectando o actual, especialmente un magnolio grandiflora centenario. Ademais mellorase sensiblemente a accesibilidade.

No parque que bordea o río Sarria elimínouse unha barreira que impedía velo. Tamén se contempla nesta zona a rehabilitación dun muiño, así como a ampliación da zona verde por terreos que xa foron adquiridos polo Concello.

Está en marcha a creación dun xardín de bonsais, nun espazo municipal próximo a rúa dos anticuarios. En dito xardín colabora unha asociación comarcal que se dedica a creación de bonsais chamada “O Serbal”. Pensamos que pode ser un centro de atracción para o público en xeral pola súa singularidade e loxicamente para a xente especializada nesta técnica.

Están en marcha programas de reciclaxe de residuos mediante trituración e compostaxe, ademais de substituír o alumado por lámpadas led.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE OZA-CESURAS**

Oza-Cesuras é un concello que se atopa no interior da provincia de A Coruña, cunha poboación moi dispersa distribuída en 25 parroquias.

Por seu carácter rural xa conta cun importante patrimonio natural que coas actuacións que veñen realizando están a poñer en valor unha serie de espazos que son referente para o disfrute dos residentes e visitantes. Unha das obras máis importantes que está a piques de rematar, é a rehabilitación do Sanatorio de Tuberculosos e o acondicionamento da súa contorna natural, cunha superficie de máis de 7 Ha, que vai a



ser un lugar para a celebración de múltiples actividades tanto para a veciñanza como para o turismo, tamén conta con estacionamento e servizo para autocaravanas.

Dentro de outras zonas a destacar, temos: A Fraga do Vinte, unha importante carballeira con árbores centenarias que se atopan en moi bo estado de conservación. O Parque de Oza, próximo o Concello, con diversidade de árbores, arbustos, planta de tempada e céspede, que conta con dotacións para o deporte, xogos, esparcemento e celebracións, para todo tipo de idades.

Dentro das zonas recreativas en espazos naturais, son de comentar a Agra de Reboredo a beira do río Mendo con ruta de sendeirismo e a piscina do Castelo, a beira do río, rodeada dunha importante zona verde moi concorrida pola veciñanza e persoas foráneas. Na zoa de Bragade atopámonos co Parque dos Nenos, de recente creación e o Parque dos Catro Ventos. Si ben aínda queda camiño por percorrer, é de destacar a ilusión e interese que están a amosar os responsábeis municipais en todo o relacionado co medio ambiente e posta en valor do seu medio natural.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE SANXENXO**

O concello de Sanxenxo localízase nun enclave especialmente relacionado co mar, cos seus excepcionais areais, así como o espazo natural complexo intermareal Ons-O Grove incluído na Rede Natura 2000.

Boa presenza de xardíns e áreas recreativas distribuídas ao longo de todo o municipio, así como un bo número de xardineiras, con interesantes combinacións de arbustos e cores.

As intervencións urbanísticas levadas a cabo nas reformas de rúas, como é o caso da Rúa Progreso, ampliando beirarrúas, e integrando o arboredo viario mediante alcorques corridos con medianeiras axardinadas, empregando para iso criterios de



sustentabilidade, tornan estes espazos urbanos máis amables conectando as rúas con vexetación.

Destaca a intervención realizada no miradoiro da Peixeira, transformando unha rúa angosta e pouco atractiva, mediante a reutilización dos bloques procedentes do antigo dique e a sutil incorporación da vexetación nos espazos. Proseguen cos traballos de mellora e ampliación das sendas que percorren o municipio ao bordo do mar.

### **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE TUI**

Concédesese unha flor porque este concello segue coas mesmas directrices marcadas en anos anteriores e ten o propósito de desenvolver proxectos de mellora a curto prazo.

### **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE ABEGONDO**

O concello de Abegondo ten unha poboación de 5.578 habitantes distribuídos en 19 parroquias en unha superficie de aproximadamente 84 km<sup>2</sup>. O Plan xeral de ordenación municipal impulsa o aumento da superficie de zona verde contemplando unha superficie verde de 65.000 m<sup>2</sup> en Orto, xunto ao encoro Abegondo-Cecebre, e outros 90.000 m<sup>2</sup> de novas superficies para parques en varios núcleos do concello.

Entre os atractivos turísticos da zona están, ademais do encoro Abegondo-Cecebre, o encoro de Beche. Este último ten xa acondicionada a zona verde que o acompaña e está en proxecto a construción dun albergue para os peregrinos que fan o camiño inglés a Santiago.

Este ano realizaron unha plantación de castiñeiros xerando un novo espazo de lecer para a veciñanza. Un recurso importante a destacar é a Aula da Natureza situada próxima a o encoro de Abegondo-Cecebre, moi ben preparada para educar e por en valor



os distintos hábitats e a flora e fauna da zona. A ela poden acudir grupos de colexios, visitantes locais, e turistas para recibir as explicacións do persoal cualificado; nela organízanse talleres diversos e xornadas micolóxicas. Co Programa Educando na Biosfera, o concello colabora coa Reserva da Biosfera para levar a cabo cos colexio de San Marcos programas educativos para a protección e conservación do noso territorio.

Tamén este ano, o concello organizou para os maiores os rutas saudables polo Camiño Inglés dende Ferrol, facendo o camiño por etapas ata chegar a Santiago de Compostela.

Dende o Concello de Abegondo colaborouse no desenvolvemento da Campaña “Aproveita os teus residuos orgánicos, COMPOSTA”, desenvolvéndose diferentes charlas para os veciños/as de Abegondo en diferentes lugares do termo municipal. En canto ao aforro enerxético están conseguindo reducir en un 80% o gasto co uso de placas solares en instalacións de uso público, e vehículos eléctricos

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE PONTEAREAS**

O concello de Ponteareas continúa dando pasos na renovación e rexeneración dos seus espazos verdes. Presenta en xeral un bo mantemento das súas zonas axardinadas, xardineiras e alcorques vexetados sendo apreciable a súa preocupación pola mellora continua dos espazos verdes.

Destacan as novas intervencións como o axardinamento da contorna da casa do concello, cunha solución de especies e deseño máis en concordancia co lugar, ou a próxima renovación da avenida da Constitución, onde a vexetación terá un papel primordial xunto co peón.



Todo isto, unido á súa vez á crecente preocupación por unha correcta selección das especies que forman parte do arboredo das súas rúas, co fin de realizar unha correcta xestión do mesmo. Iniciativas como o concurso de balcóns floridos, tanto na súa zona urbana como rural, axudan a mellorar a imaxe do municipio implicando aos veciños.

## **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE SADA**

O Concello de Sada proxéctase cara o mar, na Ría de Betanzos, nun enclave natural de importante valor medioambiental.

Como zona verde é de destacar o parque que serve de nexo entre o casco urbano e a fronte mariña, un espazo de arborado variado, arbustos e céspede, dotado de parque infantil, zonas de xogos, instalacións para practica de exercicios biosaudábeis, paseos, carril bici, mobiliario e ornamentación. Pola súa dimensión e situación é un importante punto de encontro e de lecer para o conxunto da veciñanza e visitantes.

As pinceladas de zonas verdes no casco histórico humanizan e danlle un carácter máis amable e agradable para o disfrute dos/as viandantes, onde atópase tamén un horto urbano para actividades e uso dos residentes.

Son de apuntar os proxectos e actuacións que se están a realizar: Renaturalización do río Maior e conexión con dous espazos naturais, como son: o Humidal das Brañas e a praia das Delicias; a recuperación da costa dentro do plan especial de Veigue; o proxecto de humanización do Parque do Porto; o aumento de zoas verdes dentro do plan especial de Carnoedo e o obradoiro de emprego rural para a mellora do Parque da Corbeiroa.

É importante o labor que están a facer na divulgación e coñecemento dos espazos naturais da súa contorna.



### **CONCEDER 2 FLORES AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO**

Mondariz Balneario é auga, polo que todo na vila atópase relacionado con este elemento, como o seu paseo ás beiras do río, as sendas próximas aos ríos ou a presenza de fontes nos espazos públicos.

As zonas verdes do centro da vila atópanse en bo estado de conservación, con pequenos espazos verdes e xardineiras floridas distribuídos por todo o centro.

Destaca a zona verde contigua ao antigo Balneario, un xardín no que sobresaen varios exemplares incluídos en o catálogo de árbores singulares de Galicia, así como o antigo invernadoiro de cristal.

As novas plantacións arbóreas realizadas, así como as novas coleccións de camelias incrementarían no futuro o atractivo do xardín. Destacan os percorridos de sendeirismo todos eles ligados dunha ou outra maneira á auga.

### **CONCEDER 3 FLORES AO CONCELLO DE VILAGARCÍA**

Concello da Ría de Arousa cunha poboación próxima aos 38 000 habitantes con litoral marítimo con fachada a Illa de Cortegada cun impresionante bosque de loureiros. Aparte da propia cidade, Vilagarcía conta con dous importantes núcleos urbanos que son Carril e Vilaxoan.

É de destacar a evolución paisaxística e medioambiental deste concello apreciada nos últimos anos.

A humanización levada a cabo e a que se está a facer en fase de construción e digna de ter en conta pola cantidade e calidade dos proxectos cunha aposta pola variedade de plantas adecuadas e árbores combinadas con láminas de auga.



Nos parques instálanse contadores para o control do consumo de auga, ademais da domotización do rego. Tamén destaca a construción de tanques de tormenta para o control de augas en zonas inundables especialmente nas zonas próximas ao río do Con.

A poda estase a controlar evitando os desmoches e tratando de recuperar o arboredo que sexa susceptible de facelo. O tratamento dos restos vexetais é adecuado, con triturado e compostaxe e reparto a cidadanía. Así mesmo hai composteiros colectivos e individuais con seguimento por parte de mestres composteiros.

Substitución paulatina do alumeado con luminarias led, e instalación de placas fotovoltaicas en edificios públicos.

Actuacións actuais no parque do Cavadelo, Praia de Compostela e Piñeiro.

Con respecto o turismo destaca a potenciación da Vía Verde, a senda litoral entre Carril e Vilaxoan, ou o Certame da Camelia.

### **CONCEDER 3 FLORES AO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

Como en anos anteriores, destacar os xardíns do Pazo da marquesa onde se conservan exemplares arbóreos con gran valor ecolóxico. Ben complementados con novos elementos correctamente integrados.

Destacar que no paseo fluvial que discorre polas ribeiras do río Xubia, as diversas variedades de árbores están en perfecto estado de conservación. Sinalar que se instalaron novos carteis identificativos das distintas variedades e especies de árbores.

Bo mantemento da “Fraga Máxica” formada por animais de fábula tallados en gran formato con elementos metálicos. Interesante tamén na zona de froiteiras unha nova instalación destinada á investigación relacionada con esa actividade. Moi bo labor didáctico co tema da plantación de froiteiras. Teñen intención de mellorar todo o relativo coa infraestrutura da senda fluvial.



### **CONCEDER 3 FLORES AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**

O concello de Salvaterra ten unha poboación de 11.000 habitantes distribuídos en 17 parroquias en unha superficie de aproximadamente 62 km<sup>2</sup> . Dispón de unha ampla superficie de espazos verdes públicos ademais dos 30 km de sendeiros fluviais. A relación de espazos verdes urbanos por habitante é de 18 m<sup>2</sup> . Dedicamos unha parte importante do presuposto aos espazos verdes.

No entorno urbano destaca o gran parque A Canuda de 20 has, que conta con instalacións deportivas, piscinas, carril bici, circuíto vial, zona de merendeiro, anfiteatro, orquidario (único en toda Galicia), lago con barcas, entre outros; na actualidade estase renovando a zona deportiva, a zona de xogos e o ximnasio. Destacar igualmente o espazo termal de Teáns cun excelente mantemento, onde se combinan turismo e medioambiente, situado a beira do Miño con vistas a Portugal.

Outro recurso interesante é A illa de Fillaboa, única illa de titularidade pública do río Miño, conta cun centro de interpretación.

O concello ven traballando na mellora do entorno do Castelo e o recinto amurallado para a posta en valor de esta zona de alto valor histórico. Entre as actuacións realizadas este ano para a mellora do recinto da muralla está a plantación de árbores co fin de mitigar as temperaturas elevadas que se dan nesa área.

No concepto de medioambiente e sostenibilidade, destacan pola xestión de residuos vexetais, e a forte inversión no cambio a luminarias led para reducir o gasto enerxético en todo o concello. Levan facendo dende fai 4 anos o obradoiro dual de emprego orientado a xardinería e forestal, realizando labores de limpeza e reforestación en monte Castelo, unha zona de gran riqueza patrimonial e paisaxística. Dende fai 6 anos o



concello de Salvaterra de Miño colabora na plantación de árbores en distintos puntos do Municipio, actividade organizada polo IES Salvaterra de Miño na que participan os estudantes.

### **CONCEDER 3 FLORES AO CONCELLO DE AS PONTES**

As Pontes de García Rodríguez é un concello cuxa identidade está profundamente vinculada ao seu pasado industrial, un factor que modelou tanto a súa paisaxe como o carácter dos seus habitantes. Con todo, nos últimos anos o Concello emprendeu unha decidida aposta pola transición cara a un modelo máis sostible, habitable e verde, reflectida na mellora constante das súas zonas axardinadas e na recuperación dos seus espazos naturais.

O esforzo municipal evidénciase na ampla rede de zonas verdes que abarca tanto o núcleo urbano como os barrios periféricos, onde se integran parques infantís, áreas deportivas e merendeiros urbanos perfectamente acondicionados. A planificación do arboredo e a plantación continua de especies autóctonas, arbustos e flores de tempada contribúen a mellorar a biodiversidade e a calidade ambiental do concello.

Un elemento especialmente destacable é o aproveitamento dos espazos de ribeira (tanto os ríos que atravesan a área urbana como os lagos periurbanos), que foron acondicionados para o lecer, as actividades ao aire libre e os deportes acuáticos, ofrecendo á cidadanía e visitantes unha contorna natural de gran valor paisaxístico e recreativo.

O Concello tamén mostrou un compromiso firme co fomento do turismo sostible, impulsando accións como a promoción da Bandeira Azul da praia do Lago da Mina, símbolo de calidade ambiental e xestión responsable. A iso súmanse a instalación dunha



zona de autocaravanas e a adecuación de rutas de sendeirismo que integran paneis informativos sobre a historia mineira do municipio, combinando así natureza, patrimonio e educación ambiental.

Outro aspecto para destacar é o fomento das actividades produtivas ligadas á contorna rural, con proxectos como “As Pontes Terra de Cogomelos”, que promoven a apicultura, a fruticultura autóctona e a divulgación das propiedades gastronómicas dos fungos e cogomelos locais. Estas iniciativas complementáanse coa tradicional e recoñecida Feira de Fungos e Cogomelos, un evento de gran arraigamento que reforza a identidade local e pon en valor os recursos naturais e culturais do municipio.

### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE O ROSAL**

O Rosal, concello de marcado carácter rural, demostrou unha firme e decidida aposta pola transformación verde e a sostibilidade ambiental. O seu compromiso reflíctese en múltiples actuacións que buscan mellorar a calidade de vida da cidadanía, promover un desenvolvemento respectuoso coa contorna e poñer en valor os recursos naturais e paisaxísticos do municipio.

Un dos aspectos máis destacados é a recuperación de espazos públicos, antes ocupados por vehículos, que foron transformados en áreas peonís onde a prioridade son as persoas, un exemplo a “Praza do Calvario”. Estas intervencións non só contribúen á mellora estética e funcional do municipio, senón que tamén fomentan a convivencia, a mobilidade sostible e o goce dos espazos máis urbanos.

En materia de turismo sostible, o municipio apostou pola creación dun observatorio de aves accesible, exemplo claro dunha iniciativa respectuosa co medio



ambiente que promove a conservación e divulgación dos hábitats naturais e das especies de interese.

Esta actuación contribúe, ademais, á desestacionalización do turismo, ofrecendo unha alternativa de lecer ligada ao coñecemento e a natureza.

O Rosal, conta tamén con eco-parques e rutas que permiten descubrir a riqueza natural do seu territorio, integrando espazos de lecer como a área recreativa das Aceñas, rodeada de vexetación de ribeira e perfectamente conectada coas rutas de sendeirismo. Estas actuacións poñen de relevo a integración equilibrada entre natureza, lecer e sustentabilidade.

Así mesmo, apréciase unha clara aposta polas enerxías alternativas e a redución de emisións, materializada en proxectos, como a reforma integral de escolas unitarias, que buscan minimizar o impacto ambiental e avanzar cara a un modelo enerxético máis limpo.

En canto á xestión de residuos, a creación de mini-puntos limpos e a posta en marcha dun punto limpo móbil facilitan a reciclaxe e a participación cidadá, achegando o compromiso ambiental a todos os veciños.



### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE A LARACHA**

Analizamos as zonas verdes do concello de A Laracha da comarca de Bergantiños de 12.000 habitantes. Presenta tres núcleos de poboación claramente diferenciados, con diferentes niveis de zonas verdes.

A Laracha presenta o río Anllóns cun impresionante paseo fluvial de madeira de 2,5 km como eixe vertebrador ben conservado.

No mesmo núcleo ten diversas zonas verdes de interese como o Parque Gobenlle área de reunión e de esparcemento e unha carballeira recen adquirida polo concello con parque infantil e unha ampliación posible no futuro.

No centro ten o parque Maximino Caneda de corte máis urbano con plantacións de calidade e ben mantidas.

Paiosaco destaca o campo da feira, lugar de reunión semanal de alto valor etnográfico.

Caión ten interese “per se”, ao ter uns valores naturais, etnográficos e paisaxísticos de primeiro nivel.

Por último, da zona extra urbana destacar o entorno da urbanización Monteclaro na parroquia de Cabovilano, o castro de Montesclaros recentemente amañado, con cabalos facendo labores de mantemento e o adro e centro sociocultural de Vilaño de grande interese social e paisaxístico para os veciños.

Destacar o punto limpo de reciclaxe de electrodomésticos, mobles e voluminosos.



### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE LALÍN**

Analizamos as zonas verdes da cidade de Lalín, de 20.000 habitantes. Conserva boa parte do tecido da infraestrutura verde dos anos precedentes co paseo fluvial das Cabirtas como principal núcleo e infraestrutura de encontro e relación.

Porén non se observa moita obra nova, salvo alcouves-macizos novos na rúa Principal e un miradoiro e carballeira preto do Auditorio.

A calidade do mantemento está dentro da normalidade, recíclase a meirande parte da sega e os macizos florais amosan un bo estado.

Ten un arborado maduro e de boa calidade, maiormente carballos e castiñeiros, ademais do bosque fluvial.

### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE CAMBADOS**

Cambados é un concello costeiro situado na parte central da Ría de Arousa pertencente a provincia de Pontevedra. Situado no corazón das Rías Baixas nun val de extraordinaria riqueza agrícola con importantes producións agrícolas en xeral e vinícolas en particular.

Un dos emblemas deste concello e o paseo situado diante do concello e o parador coñecido por paseo da Calzada. No paseo das palmeiras foron eliminadas Fenix e cambiadas por Washingtonias polo problema do picudo.

No parque Torrado existen algunhas especies arbóreas destacables como unas Araucarias ou un Pittosporum de considerable tamaño a ter en conta.

Destaca no paseo cara o muiño de mareas o espazo destinado á plantación de árbores por cada nacemento na vila.



### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE CALDAS DE REIS**

Caldas de Reis é un lugar onde a auga, a vexetación, a historia e a paisaxe fúndense.

O seu histórico Xardín Botánico e a Carballeira ofrecen un espazo singular de espaxamento acompañando as augas do río Umia. Sobre este lugar declarado Ben de Interese Cultural, e onde conviven exemplares maxestosos de especies foráneas cos carballos centenarios, planéase a execución dun ambicioso e respectuoso proxecto de mellora e xestión sostible do espazo. O xurado valora o bo mantemento do arboredo e da flora natural de ribeira e as intervencións para o control de especies invasoras.

Son interesantes as propostas como a posta en funcionamento das piscinas municipais termais, situadas nun espazo verde próximo a zonas residenciais, ou as intervencións de peonalización e integración de zonas marxinais na contorna do río Bermaña polas que discorre o Camiño de Santiago. Obsérvase unha boa xestión de zonas verdes e axardinadas e dos residuos xerados.

Por outra banda, apostan pola planificación, investindo en proxectos e plans de xestión e promoven actividades vinculadas aos espazos axardinados. O xurado anima ao Concello a mellorar a xestión eficiente dos recursos hídricos empregados no mantemento das zonas verdes e a estender ás contornas máis periféricas e aos accesos principais do núcleo urbano parte do importante esforzo que vén dedicando ao corazón da vila.



### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE AS SOMOZAS**

Podemos e debemos reproducir literalmente a valoración feita o ano anterior polos nosos compañeiros e soamente engadir o excelente espírito de superación en temas ambientais que impera nos dirixentes deste concello:

“ As Somozas aposta pola plantación de especies florais que lle dan un colorido rechamante e que podemos apreciar desde a entrada do seu núcleo principal, pero que alcanza o seu máximo esplendor no xardín do contorno do concello, casa da cultura, área recreativa e piscina, no que discorre un agradable paseo fluvial”

Como tema singular queremos mencionar un concerto entre o concello e empresarios gandeiros do lugar para permitir o pastoreo en terreos municipais para desta maneira manter as praderías próximas aos edificios municipais (Concello-Casa da Cultura) en perfecta harmonía coas zonas axardinadas lindeiras.

### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE VIMIANZO**

O Concello pon especial coidado na recuperación e o mantemento das zonas naturais de alto valor paisaxístico.

Destaca o Miradoiro de Fura do Sapo, recentemente construído, onde se continúa cos labores de repoboación con especies arbóreas autóctonas, e o Complexo etnográfico dos Batáns do Mosquetín, totalmente restaurado e situado nun bosque de ribeira sobre o río Grande de especial beleza que permite a súa utilización como merendeiro e zona de lecer.

No núcleo urbano sorprende o bo estado das zonas axardinadas da contorna dos principais edificios públicos como é o Castelo, a Casa da Cultura, a Casa do Concello, a Igrexa e o Edificio de Servizos Múltiples, nos que se equilibra o uso de plantas de tempada, vivaces e arbustivas.



Destaca pola súa singularidade, o xardín vertical do 8M que foi recentemente renovado con novas vivaces. As continuas obras de naturalización do centro urbano segue achegando novas zonas peonís e beirarrúas con plantación de especies arbóreas con amplos alcorques con céspede.

É moi apreciable o esforzo do Concello no fomento das actividades de sendeirismo, tanto urbano como é a recente restauración da Senda Fluvial Saudable dotada con bancos, papeleiras, e carteis informativos, como doutros percorridos periurbanos de maior distancia, por exemplo o do Alto de San Bartolo, e o paseo do Cereixo que permiten gozar do enorme patrimonio natural e histórico desta zona.

### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE ARTEIXO**

Núcleo industrial e habitacional, situado a o noroeste de A Coruña e atravesado polos ríos Seixedo, Bolaños e Sisalde que xogan un papel fundamental na creación de espazos verdes. Iso fai que haxa comunicación entre as zonas ribeiregas con paseos ao longo dos leitos dos ríos, combinando paseos de madeira con outros elementos, pero sempre respectando a vexetación de ribeira existente e repoñéndoa xa que actualmente debido a unha praga está decrecendo a poboación de ameneiros.

Ademais ao longo dos leitos atopamos numerosos parques públicos con zonas verdes ben coidadas e xestionadas dende o concello.

Os numerosos parques infantís están repletos ao ser unha poboación maioritariamente nova, destacando a área de Seixedo e o parque central no núcleo do pobo.

Destacar tamén a zona de Monticaño. Un miradoiro excelente con 44 000m<sup>2</sup> de zonas verdes e plantacións de pinos, carballos e bidueiros entre outras especies. Aquí atopamos o “Espazo Municipal Ecolóxico”, onde se imparten cursos de formación relacionados coa agricultura ecolóxica.



Tamén e de destacar ademais de varios proxectos de futuro, a rehabilitación do balneario de Arteixo, e a adquisición de minibuses eléctricos para impulsar o transporte colectivo creando varias liñas interparroquiais e urbanas.

Pensamos que é un concello, nestes intres, dinámico e con gran potencial, polos medios económicos e humanos que destinan a mellorar o medio ambiente.

### **CONCEDER 3 FLORES AL CONCELLO DE O CARBALLIÑO**

O Carballiño destaca como un concello de referencia polo seu equilibrio entre o patrimonio natural, o entorno fluvial e os espazos verdes urbanos. A rede de parques, xardíns, paseos e áreas etnográficas configuran un modelo de vila sostible e saudable, recoñecida no programa Vilas en Flor de Galicia, cunha ratio de arredor de 38 m<sup>2</sup> de zona verde por habitante.

O Parque Municipal do Carballiño (32 ha) é o principal pulmón verde da vila, situado á beira esquerda do río Arenteiro entre o Balneario e a Piscifactoría. Foi inaugurado a principios do século XX, asociado ao desenvolvemento termal e turístico da vila. Ten un enorme valor botánico xa que conta con máis de 70 especies arbóreas e arbustivas, entre elas carballos, castiñeiros, plátanos, cedros, abetos, sequoias e magnolias. Tamén ten elementos singulares como estanques, fontes ornamentais, pontes de pedra, un auditorio ao aire libre, o Gran Balneario, e áreas de recreo infantil e deportiva. Así mesmo ten tanto infraestruturas culturais como de lecer por exemplo paseos pavimentados, merendeiros, zonas para eventos e conexión directa co paseo fluvial. Non esquecemos o seu valor ambiental xa que mantén un microclima húmido e fresco, con alta biodiversidade e función de corredor ecolóxico urbano.

O Xardín aromático e contorna da Piscifactoría (1.100 m<sup>2</sup>), situado no extremo oriental do parque; este xardín temático reúne máis dun cento de especies aromáticas e



medicinais, xunto a un reloxo solar e unha zona de descanso. É un espazo modelo de xardinería sostible e educación ambiental.

O Paseo fluvial de Arenteiro conecta o centro urbano co Parque Etnográfico do Arenteiro, seguindo o curso do río entre ameneiros, carballos e pontes históricas. A ruta homologada PR-G 79 amplía o percorrido ata Pazos de Arenteiro, cun total de 11 km de baixa dificultade, combinando natureza, patrimonio e paisaxe rural.

O Parque Etnográfico do Arenteiro localizado a poucos minutos do centro, conserva un conxunto de muíños, canles, pasarelas e edificacións tradicionais vinculadas aos antigos oficios do río. A súa superficie abrangue arredor de 50 hectáreas, incluíndo o cámping municipal (2 ha) e a antiga Fábrica de Papel, integradas nun entorno natural e cultural de grande interese.

Así mesmo o conxunto monumental da Veracruz, obra singular de Antonio Palacios, está rodeado por unha zona axardinada dunhas 2 hectáreas, con prazas, cipreses e camiños pavimentados que o integran visualmente no tecido urbano e no Parque Municipal. Constitúe un punto de encontro e símbolo patrimonial da vila.

O Carballiño ofrece unha rede de espazos naturais e axardinados que garanten unha elevada calidade ambiental e unha experiencia turística baseada na natureza, o lecer activo e o respecto polo patrimonio fluvial.



## **CONCEDER 4 FLORES AL CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS**

O concello de Salceda de Caselas ten unha poboación de 9421 habitantes repartidos en 9 parroquias cubrindo unha superficie aproximada de 35,9 km<sup>2</sup>. A relación de espazos verdes por habitante, tendo en conta soamente os espazos verdes urbanos é de 10m<sup>2</sup>/habitante.

Entre os proxectos recentes están a recuperación e posta en valor do “Carreiro do Rollo” no centro da vila, e a creación dun parque canino no parque Mártires de Sobredo.

Entre as zonas verdes urbanas destacamos o Parque da Gándara, en bo estado de conservación, con arboredo de tamaño notable e diversidade de especies. Ademais dos espazos verdes no espazo urbano, o concello conta cunha gran diversidade de recunchos e espazos naturais moi singulares como a Carballeira da Laxe, San Cibrán ou o Espicho do faro, camiños e sendas como as dos ríos Caselas, Landres, ou dos Humidais das Gándaras de Budiño.

Como elementos vexetais singulares destacamos as sobreiras da Ascensión que foron propostas polo concello para a súa inclusión no catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

En relación co medioambiente e sostenibilidade son moi relevantes as actuacións do concello, destacando pola xestión da auga de rego por telexestión e os furanchos de auga na Festa dos Callos cun retorno do 40%, pola xestión de residuos vexetais e de limpeza, e polo aforro enerxético do 63% por substitución de luminarias tipo led en toda a rede.

Este ano leváronse a cabo varias actividades de carácter ambiental como: a xornada sobre ecosistema de ribeira e a fauna e flora do río Landres, bicicleta e natureza, e móllate polos ríos. Importante tamén o Obradoiro dual de emprego para a recuperación



do patrimonio. O compromiso do equipo de goberno é moi encomiable e valorado moi positivamente.

### **CONCEDER 4 FLORES AL CONCELLO DE CHANTADA**

Durante toda a visita acompañáronnos o alcalde, o concelleiro de medioambiente e o técnico de xardíns e graváronse dous vídeos divulgativos das zonas verdes do municipio e da súa participación en Vilas en Flor.

Todos os labores realízanse con persoal propio. Leváronse a cabo múltiples actuacións que contribuíron, se cabe, a optimizar máis os espazos verdes. Proxecto de creación dun novo espazo verde entre as rúas Ribeira Sacra e Emilia Pardo Bazán, mediante a adquisición dun amplo terreo urbano e onde xa destaca a instalación dun lugar de encontro axardinado, dotado dunha pérgola cuberta e mobiliario urbano. Instaláronse xardineiras de madeira reciclada con plantas anuais e perennes en moitas rúas do centro urbano, tamén nas varandas metálicas que soportan sinais de tráfico nas confluencias das rúas principais do centro urbano así como nas varandas da pasarela peonil sobre o Río Asma. Destacar os espazos verdes existentes cun alto nivel de mantemento en ambas marxes do río ao longo de varios quilómetros, e a plantación de novas árbores de ribeira.

Ademais, sinalamos a celebración dun concurso de Fachadas e Balcóns Verdes que crearon hai dous anos.



## CONCEDER 4 FLORES AL CONCELLO DE ALLARIZ

Allariz, conta cunha ampla superficie de espazos naturais, que superan as 34 hectáreas, das cales 17 corresponden a parques e xardíns. Este extenso patrimonio verde supón un importante esforzo de xestión e mantemento, así como un considerable investimento económico, o que pon de manifesto o compromiso municipal coa conservación da contorna.

Entre as actuacións máis destacadas atópase a recuperación e restauración de espazos naturais con fins de lecer, esparexemento e educación ambiental. Un exemplo é a restauración ambiental e posta en valor do Manancial de Santán, un enclave de gran relevancia para a vila.

No ámbito da xestión de residuos, o Concello aposta por un modelo sostible baseado na prevención e valorización da materia orgánica, impulsando o auto-compostaxe familiar,

A compostaxe comunitaria e o tratamento específico de residuos orgánicos para grandes produtores. A iso súmase a mellora continua na recollida selectiva, reforzando así o compromiso local coa economía circular e a redución do impacto ambiental.

Así mesmo, desenvólvense accións de voluntariado ambiental, especialmente destacables as realizadas na prevención e loita contra os incendios forestais que afectaron a Galicia este verán. Estas iniciativas complementáanse con programas de educación ambiental e actividades turísticas e divulgativas centradas na posta en valor dos espazos verdes municipais.

Cabe resaltar o papel do Festival Internacional de Xardíns, unha cita anual de gran proxección que este ano se celebrou baixo o lema “O xardín, unha oportunidade para o cambio climático”. Este evento constitúe un exemplo de innovación, creatividade e participación cidadá, ao renovarse cada edición con novos deseños, combinacións de especies e propostas tanto de veciños como de visitantes. A organización do festival leva



un esforzo orzamentario significativo como investimento en sustentabilidade, cultura e turismo, o que tivo en conta de forma moi positiva este xurado na súa valoración.

Nesta liña de fomento do turismo sostible, acondicionouse un espazo para autocaravanas dotado cos servizos necesarios, o que permitiu desconxestionar o tráfico na vila e favorecer un turismo máis ordenado e respectuoso coa contorna.

### **CONCEDER 4 FLORES AL CONCELLO DE TOMIÑO**

O Concello de Tomiño continúa a ser un referente comarcal en paisaxismo, sustentabilidade e medioambiente, destacando pola súa capacidade de implicar a colectivos veciñais, asociacións, centros educativos e empresas locais en proxectos ambientais de gran interese. Esta colaboración activa xera sinerxías moi valiosas, que fortalecen o compromiso comunitario coa conservación e o embelecemento do municipio.

Un dos piares desta estratexia é a colaboración cos viveiros locais, que achegan material vexetal autóctono para diferentes actuacións en parques, rotondas e zonas axardinadas. Este feito contribúe ao uso de especies adaptadas ao clima atlántico, reducindo o consumo de auga e as necesidades de mantemento, e potenciando a identidade paisaxística local.

Tomiño conta con persoal técnico especializado en Paisaxismo e Medioambiente, o que permite unha xestión planificada e profesional dos espazos verdes. Os plans municipais de xestión do verde urbano e dos residuos caracterízanse polo seu enfoque sostible, orientado á eficiencia no uso dos recursos e á redución do impacto ambiental.

Entre as actuacións máis destacadas atópase a recente incorporación ao Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia do conxunto de sobreiras de San Roque, en Goián, formado por 14 exemplares cunha idade estimada superior aos 250 anos. Este



recoñecemento pon de manifesto o compromiso do concello coa protección do patrimonio natural e forestal galego.

O Concello tamén mantén unha estreita colaboración con asociacións locais dedicadas á conservación da natureza. Entre as iniciativas máis innovadoras destacan as actuacións de desbroce selectivo, unha técnica que permite conservar as poboacións de polinizadores e sírfidos, organismos beneficiosos que actúan como control biolóxico de pragas, favorecendo así a saúde e o equilibrio ecolóxico dos ecosistemas municipais.

Grazas a todas estas accións, Tomiño reafirmase como un modelo de xestión ambiental sostible e participación cidadá, no que o respecto pola natureza, o coidado do territorio e a educación ambiental son elementos centrais da vida comunitaria.



## CONCEDER 4 FLORES AL CONCELLO DE CARBALLO

Carballo conta cun patrimonio ambiental e paisaxístico que destaca polo espazo natural Razo-Baldaio e o paseo do río Anllóns.

Valorouse moi positivamente a xestión que se está realizando na conservación, mantemento e renovación das zonas axardinadas urbanas e os seus parques. Nesta nova visita, constatouse a continuidade desta liña de traballo, destacando un importante esforzo por introducir melloras no mantemento encamiñadas á sustentabilidade como a redución do consumo de auga, o coidado do céspede, o uso de materiais reciclados, os proxectos ambientais de redución das emisións de carbono, a divulgación e actividades na natureza.

Ademais, valoramos o incremento e renovación de superficies verdes e axardinadas, coa actuación en torno ao río Anllóns, coa inclusión de novas especies arbóreas e arbustivas, os proxectos de parques e recuperación de espazos degradados. As melloras executadas no viario de entrada á vila na zona da Revolta, coa renovación dos axardinamentos da rotonda e o paseo ao longo da estrada.

Destacamos tamén o proxecto de futura reforma da praza municipal así como a aprobación dun proxecto da Unión Europea para realizar importantes investimentos en mellora de equipamentos. Consideramos que este municipio mantén unha liña de traballo coherente, continuando coas boas prácticas de poda de arboredo cunha baixa intervención que evita os terciados e desmochados, e onde a mellora dos seus espazos verdes a nivel xeral é continua.